Acta número 14/2008, da Comisión de Persoal da Xunta de Galicia.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidenta María del Mar Rodriguez Fernández

Secretaria Eduarda Varela Castro

Presidencia Carlos Landrove Díaz

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Ramón del Valle López

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza Vanessa Brea Lago

C. Economía e Facenda. J. Carlos Carid Fernández

C. Innovación e Industria José Carlos Fagín Taboada

C. Medio Rural Alberte Souto Souto

POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

CIG Manuel Gallardo Canitrot

Pilar de Celis Getino

CC.OO. Emilio Doforno Guzmán

Graciela Trevín González

UGT Baltasar García García

CSI-CSIF Carmen Noya Castro

Álvaro Fernández Baamonde

En Santiago de Compostela, sendo as catorce horas do día trinta de xullo do ano dous mil oito, reúnense en sesión extraordinaria, no Salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal da Xunta de Galicia segundo a seguinte orde do día:

Punto Único: Proposta de modificación da RPT da Consellería do Medio Rural derivada da execución de sentenzas do Tribunal Constitucional.

A presidenta da mesa fai unha exposición do presente punto da orde do día.

O representante da CIG manifesta o seguinte:

Pregunta se hai unha previsión para dar destino. Engade que o máis importante aquí é a ubicación das prazas.

O seu voto é a favor.

A directora xeral da función pública sinala que o prazo de presentación de documentación remata en agosto de 2008, que a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural vai ao Consello da Xunta de Galicia do 31 de xullo de 2008, que a continuación se publicará esa modificación, polo que calcula que en setembro se dará destino.

O representante de CCOO manifesta o seguinte:

Que se reitera na critica o planteamento desta proposta de modificación, tal como manifestará na xuntanza da Mesa Xeral, celebrada o día 28 de xullo, posto que non se trata de executar ningunha sentencia do Tribunal Constitucional, senón de dar cumprimento os autos do TSX de Galicia, relativos a rebaremación na valoración da fase de concurso da OPE-2004, que supón que se teñen que crear 34 novas prazas.

Que tendo en conta esta realidade solicitan que: se fixasen criterios obxectivos na elección de destino destes prazas; se aproveitase esta modificación para regularizar tódalas demais prazas do persoal laboral veterinario indefinido; se creasen xa co nivel mínimo 22; e por

último que esta creación de 34 postos, para dar cumprimento a resolucións xudiciais, non

provocase o cese dos outros 34 veterinarios funcionarios de carreira.

Tamén solicitaron que non houbese votación por tratarse dunha proposta que viña

motivada polo cumprimento estricto de resolucións dos Tribunais de Xustiza.

Como non se tiveron en conta os argumentos expostos anteriormente, o seu voto é

abstención.

A directora xeral da función pública sinala que, en canto á elección de destino, como xa se

respostou na sesión da Mesa Xeral de Empregados Públicos do 28 de xullo de 2008, se

seguerá o procedemento habitual de negociación coas organizacións sindicais. En canto á

posibilidade de realizar unha execución das sentenzas que permita que non haxa

desnomeamento, sinala que se hai algunha opción xurídica para iso que a estudaría.

O representante de UGT manifesta que o seu voto é abstención.

O representante de CSI-CSIF manifesta o seguinte:

Que solicitan a ampliación da oferta de emprego público do ano 2004.

O seu voto é abstención.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás catorce horas vinte e cinco minutos do

día sinalado supra.

VISTO E PRACE

A PRESIDENTA

DOU FE

A SECRETARIA

Asdo. Mª del Mar Rodríguez Fernández

Asdo. Eduarda Varela Castro

3